

XV CONCURSO DE RELATO ORAL:

Tiralle da lingua

MARTES 28 DE ABRIL - 2015

IES ROSALÍA DE CASTRO

(RÚA SAN CLEMENTE, 3. SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Inscrición: informacion@as-pg.com

BASES DO CONCURSO

1ª As historias poderán ser de base popular, de base literaria ou creación propia.

2ª As historias contaránse en galego.

3ª Nas historias valorarase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatoria, linguaxe non sexista...)

4ª Os/as participantes concursarán individualmente ou en grupo, pero sempre respectando o tempo máximo por actuación que será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación. Poderán participar cun máximo dunha historia.

5ª O concurso vai destinado a tres niveis académicos.

- 1) Primaria.
- 2) 1º Ciclo de ESO.
- 3) 2º Ciclo de ESO e ensino postobrigatorio.

6ª O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:

- 1) A nivel centro de ensino.
- 2) A nivel nacional.

7ª Na primeira fase será o propio centro o que determine e se responsabilice dos posibles premios aos concursantes. O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase determinarase en función da participación, o que se comunicará aos centros.

8ª A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros realizarase antes do día 22 de abril enviando un e-mail a: informacion@as-pg.com, recibirán confirmación da inscrición e dos datos que deben completar.

9ª A fase final celebrarase o día 28 de abril en Santiago, en dous grupos diferentes: un para primaria e primeiro ciclo de secundaria e outro para segundo ciclo de secundaria e ensino postobrigatorio.

10ª Na fase final concederáse un primeiro premio por nivel cun valor de 250 euros e un segundo, se o xurado así o estima por valor de 150 euros. Os centros de ensino dos participantes gañadores recibirán un premio do mesmo importe.

11ª O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades, actuando de secretario/a un representante de Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

12ª O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso.

13ª A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.



COLABORA:

IES Rosalía de Castro